

7

A crise do Antigo Réxime (1808-1833)

1. A Guerra da Independencia (1808-1814)
2. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812
3. O reinado de Fernando VII (1814-1833)
4. A independencia da América hispana

Conceptos-clave

- Guerras napoleónicas
- Afrancesados
- Fronte patriótica
- Constitución
- Guerrilla
- Xuntas
- Liberalismo
- Reacción absolutista


Á morte de Carlos III (1788), semellaba que o modelo do Antigo Réxime, aínda que ateuado de reformismo ilustrado, permanecía intacto. Un ano despois, a Revolución Francesa (1789) remexeu a vella orde e iniciou un proceso que en pouco máis de 40 anos derrubou o Antigo Réxime na Europa occidental, abríndolles paso ó liberalismo político, ó espárexemento do capitalismo e á consolidación da sociedade de clases.

As ideas revolucionarias francesas foron espalladas por Europa polos exércitos de Napoleón, quen dende o ano 1799 tomara o poder en Francia, iniciando unha expansión militar polo continente. España foi tamén invadida polos exércitos napoleónicos. Así e todo, a guerra contra o invasor francés estivo animada por moitas das ideas de liberdade orixinadas en Francia. A propia Constitución do ano 1812 foi un reflexo de moitos dos principios expresados na Constitución francesa, de 1791, e na Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, de 1789.

A derrota de Napoleón polas potencias absolutistas europeas (1815) significou a volta á vella orde e ó absolutismo monárquico, pero os ventos de liberdade xa non poderían ser definitivamente amordazados e, entre os anos 1815 e 1833, España –e Europa enteira– debateuse entre o absolutismo e o liberalismo.



M & L



Carga dos mamelucos na Porta do Sol, 1808, de Francisco de Goya (Museo do Prado, Madrid).

A proclamación da Constitución de Cádiz, de Salvador Viniegra (Museo Municipal de Cádiz).



Cuestións para resolver

- ¿Quen se enfrontaron na chamada Guerra da Independencia? ¿Cal foi a causa da guerra?
- ¿Por que a guerra marcou o inicio da crise do Antigo Réxime en España? ¿Cales son as súas características?
- ¿Por que falamos do período 1814-1833 como unha época marcada pola confrontación entre liberalismo e absolutismo?
- ¿Que proceso conduciu á independencia das colonias americanas?

O rei Carlos IV accedeu ó trono español no ano 1788, e viuse desbordado de contado pola complexa situación creada pola **Revolución Francesa (1789)**. O **medo** á expansión revolucionaria **paralizou** todas as **reformas** iniciadas no reinado de Carlos III e **afastou do goberno os vellos ministros ilustrados (Floridablanca, Jovellanos...)** [Doc. 1]. O protagonismo das clases populares na Revolución Francesa, o carácter radical de moitas das súas reformas e, especialmente, **a morte na guillotina no ano 1793 do rei Luís XVI** conduciron a Carlos IV a lle **declarar a guerra a Francia** en coalición con outras monarquías absolutas europeas (1793-95).

O enfrontamento bélico saldouse cunha absoluta **derrota das tropas españolas**. A partir dese momento, e especialmente dende o **ascenso ó poder de Napoleón Bonaparte (1799)**, a política española, conducida xa polo novo primeiro ministro, **Manuel Godoy**, vacilou entre o **temor** a Francia e o intento de **pactar** con ela para evitar o enfrontamento co poderoso exército napoleónico en triunfante expansión por toda Europa.

1.1. O motín de Aranjuez

No ano **1792**, Carlos IV **confioulle o poder a un militar mozo, Manuel Godoy, plebeo de orixe**, co que trabaran boa amizade tanto o rei como a raíña María Luísa de Parma. A elección demostraba a absoluta **desconfianza do monarca nos círculos nobiliarios da Corte** e o **desexo de**

atopar unha persoa que lle ofrecese unha **fidelidade** da que puidese estar seguro. Illado dos partidos cortesáns, **Godoy** non gozaba de grandes simpatías, era **odiado pola alta nobreza e pola Igrexa** debido á súa orixe plebea e ós seus **intentos reformistas**, e **tamén polos** elementos **ilustrados**, que se viron **substituídos no favor do Rei**, pero **sobre todo** polo **príncipe herdeiro Fernando**, que **vía nel** un posible **competidor** no favor do seu propio pai.

Godoy abordou unha serie de **reformas interiores: intentos de desamortización de terras eclesiásticas, redución da actividade e do poder da Inquisición, promoción das Sociedades Económicas de Amigos do País**, protección de artistas e intelectuais, etc. En **política exterior** seguiu un camiño de **alianzas sucesivas con Francia**, asinando unha serie de pactos con Napoleón. España converteuse en aliada de Francia e **enfrontouse a Inglaterra**. Na batalla marítima de **Trafalgar (1805)** perdeu case toda a súa flota ó esnaquizar o almirante británico Nelson a armada franco-española. No ano **1807**, **Napoleón** obtivo o **consentimento** de Carlos IV para que **os seus exércitos atravesasen España para atacar Portugal**, aliada de Inglaterra, a **cambio** dunha futura **repartición** de Portugal entre Francia, España e un principado para o propio Godoy (**Tratado de Fontainebleau**).

O **18 de marzo de 1808** estoupou un **motín en Aranjuez**, onde se atopaban os reis, que, baixo os consellos de Godoy e diante do temor de que a presenza francesa rematase nunha real invasión do país, se trasladaban cara ó sur.

1 Con motivo de ter dado noticia á vía reservada de Facenda dos Administradores das Alfándegas de Sevilla, Cádiz e Ágreda de chegar a elas varias remesas de libros franceses (...) resolvín (...):

1. Que todas as brochuras ou papeis impresos ou manuscritos que traten das revolucións e da nova constitución de Francia dende o seu comezo ata agora, despois de que cheguen ás Alfándegas, se remitan polos Administradores delas directamente ó Ministerio de Estado (...).
2. Que os abanos, caixas, fitas e outras manobras que teñan alusión ós mesmos asuntos, se remitan ó Ministerio de Facenda, que disporá que se lles quiten as devanditas alusións, antes de llelas entregar ós seus donos.
3. Que todos os libros en lingua francesa, que cheguen ás Alfándegas das fronteiras e portos con destino a Madrid, se remitan (...) ó Gobernador do Consello, para que facéndooos recoñecer, se lles dea o pase ós que fosen correntes, detendo os sediciosos, e que traten das revolucións de Francia (...).

Real Orde do 15 de xullo e cédula do Consello do 22 de agosto de 1792.

- Sintetiza as medidas que se tomaron respecto ós libros ou obxectos importados de Francia e analiza as causas que conduciron á monarquía á publicación desta Real Orde.



2 O motín de Aranjuez no reinado de Fernando VII (Biblioteca Nacional de Madrid).

- Describe a escena e valora a súa forza expresiva.

O motín, dirixido pola nobreza palaciana e polo clero, perseguía a **destitución de Godoy e a abdicación de Carlos IV** no seu fillo Fernando, ó redor do que se uniran todos os que querían rematar con Godoy [Doc. 2].

1.2. A **monarquía de Xosé Bonaparte**

Os amotinados conseguiron os seus obxectivos, poñendo en evidencia unha **crise profunda na monarquía española**. **Carlos IV escribiu a Napoleón** facéndolle saber os acontecementos e **reclamándolle a súa axuda** para recuperar o trono que lle arrebatara o seu propio fillo Fernando VII [Doc. 3]. O **Emperador** reafirmouse na súa impresión de debilidade, corrupción e incapacidade da monarquía española e **decidiuse definitivamente a invadir España**, ocupar o trono e **anexionar o país ó Imperio**.

Carlos IV e Fernando VII foron **chamados por Napoleón a Baiona (Francia)**, cita á que acudiron con presteza e onde, sen maior oposición, **abdicaron os dous** na persoa de **Napoleón Bonaparte**. Lexitimado polas abdicacións, Napoleón **nomeou ó seu irmán Xosé, rei de España**. Para ratificalo e anunciar as súas intencións de futuro, **convocou** para o mes de xuño **Cortes en Baiona**, coa fin de lle outorgar unha **constitución** ó país, que o emperador consideraba máis favorable para o pobo español que o caduco réxime da monarquía borbónica.

Con escaso apoio e unha total incompreensión, **Xosé Bonaparte** intentaría unha **experiencia reformista** que tiña como obxectivo **rematar co Antigo Réxime**: desamortizou parte das terras do clero, desvinculou os morgados e as terras de mans mortas e lexislou a fin do réxime señorial [Doc. 4]. O **Estatuto de Baiona** recoñecía a **igualdade dos españois**

diante da lei, os impostos e o acceso ós **cargos públicos**. Por último, **aboliuse a Inquisición** e iniciouse a reforma da **Administración**.

1.3. A **resistencia popular**

Mentres se desenvolvían os feitos de Baiona, en España iniciouse un alzamento popular contra a presenza francesa. O **2 de maio**, ante as **confusas noticias de que Fernando VII fora secuestrado por Napoleón**, o pobo de **Madrid alzouse de xeito espontáneo contra a presenza francesa**. Aínda que foi **duramente reprimido** polas tropas ó mando do xeneral **Murat**, o seu exemplo **espallouse por todo o país** e a **poboación levantouse de contado contra o invasor**. Ante a sorpresa dos franceses, un movemento de resistencia popular freou o avance das tropas imperiais.

En Galicia, Andalucía, Aragón, Castela, etc., a poboación reclamou a defensa contra a invasión francesa e **xurdiron Xuntas de Armamento e Defensa**, que **reaccionaban ante o desconcerto ou a apatía das clases privilexiadas**, incapaces de organizaren o país ante **o baleiro de poder creado pola abdicación dos monarcas en Baiona**. As Xuntas foron primeiro **locais** e expresaban o xeito de **organización do movemento insurreccional popular**. Axiña se organizaron Xuntas a nivel **provincial** que reclamaron a **acción das autoridades** e forzaron a **reunión dunha Xunta Central** que **coordinase** a acción contra os franceses.

Dende o punto de vista do comportamento bélico, os **restos** do que fora o **exército tradicional** español amosáronse **incapaces** de opoñerse ó avance das forzas francesas. A **guerrilla** e os **cercos** foron as **formas de impedir o dominio dos franceses** sobre o territorio español.

3

Señor e irmán meu: V. M. saberá sen dúbida con dó os sucesos de Aranzueu e os seus resultados, e non verá con indiferenza a un rei que, forzado a renunciar á coroa, acode a se botar nos brazos dun gran monarca, aliado seu, subordinándose totalmente á disposición do único que lle pode dar a súa felicidade, a de toda a súa familia e a dos seus fieis vasalos.

Eu non renunciei a prol do meu fillo senón pola forza das circunstancias. (...)

Eu vinme forzado a renunciar, pero asegurado con plena confianza na magnanimidade e no xenio do gran home que sempre amosou ser amigo meu, eu tomei a resolución de me conformar con todo o que este gran home queira dispor de nós e da miña sorte, da da Raíña e da do Príncipe da Paz.


Dirixo a V.M.I. unha protesta contra os sucesos de Aranzueu, e contra a miña abdicación. Entrégome e enteiramente confío no corazón e na amizade de V.M. (...)

De V.M.I., o seu afecto irmán e amigo. Carlos.

Carta de Carlos IV a Napoleón.
(marzo de 1808)

- Explica os sucesos que ocorreron en Aranzueu. ¿Que impresión debeu recibir Napoleón da monarquía española tras a lectura desta carta? Razoa a resposta.

4



Nesta caricatura de época faise chufa de Xosé Bonaparte, representándoo sobre un **cogombro** en referencia ó diminutivo do seu nome italiano **"Peppino"**. Tamén se ridiculizou a súa autoridade ó comparalo cun rei da baralla: o **"rei de copas"** e pola súa afección á bebida chamábaselle **"Pepe Botella"**.

Os **cercos** consistían na **resistencia das cidades** españolas (Zaragoza, Xirona...) ó avance francés. As cidades **ase-diadas** resistían os bombardeos, a falta de alimentos e ata de auga a que as sometía o cerco francés, con tal de **non deixar avanzar o exército invasor** e, deste xeito, **desgastar** as tropas napoleónicas e **dar tempo á organización da resistencia** no resto do país [Doc. 5].

A **guerrilla** foi a **forma espontánea e popular de resistencia armada** contra o invasor. **Partidas** formadas por campesiños, burgueses, cregos ou xente de calquera outra ocupación, organizábanse **cun xefe de cuadrilla** á fronte para loitar contra os franceses. A súa mellor arma era o **coñecemento do terreo e o apoio da poboación**. Non se enfrontaban a campo aberto, senón que actuaban en pequenos grupos, **fustrigaban o exército francés**, **destruían** as súas **instalacións ou asaltaban** os **cargamentos de fornecemento**.

1.4. As diferentes forzas políticas

A **invasión francesa e a creba** do modelo social, político e económico do Antigo Réxime que representaba a **monarquía borbónica**, obrigaron á toma de postura por parte das diferentes **correntes ideolóxicas** fronte á presenza francesa e á nova **monarquía napoleónica**.

Unha pequena parte dos españois, ós que se lles coñece como **afrancesados**, e entre os que se atopaban **numerosos intelectuais e altos funcionarios** e unha **parte da alta nobreza**, **aceptaron** o novo monarca **Xosé Bonaparte** e **participaron** no seu goberno. **Procedentes** na súa maioría do **Despotismo Ilustrado**, sentíanse vencellados co **programa reformista da nova monarquía**, ó mesmo tempo que **crían** que a **monarquía napoleónica** era a mellor **garantía para evitar excesos revolucionarios**. Así, pensaban que un **poder forte** podería **realizar as reformas** necesarias **para a modernización do país**. O seu **número relativamente escaso** e a derrota final do exército napoleónico obrigaron a unha grande maioría a se **exiliar ó remate da guerra**, cando non foron detidos [Doc. 6].

O **grosso da poboación** española formou o que se coñece como a **fronte patriótica**, isto é, todos aqueles que se opuxeron á invasión. Agora ben, neste bando imos atopar **posicións moi diferentes**. A **maior parte do clero e da nobreza**, que resistía ó invasor e era a que dirixía en moitas ocasións a resistencia, **buscaba a volta á situación absolutista** anterior baixo a monarquía **de Fernando VII**. Combatían contra o francés para que se producise a volta da vella monarquía, e con ela a **defensa da tradición e da relixión católica**. Pola contra, **algúns sectores ilustrados** e, especialmente os **liberais**, **vían na guerra a oportunidade de realizar** unha serie de **reformas** longamente desexadas. Os **ilustrados**, representados por **Floridablanca ou Jovellanos**, agardaban que a vitoria fronte ós franceses favorecese a **volta de Fernando VII** do que se **esperaba** que impulsase o **inicio dun programa de reformas** que permitise a permanencia da vella monarquía tradicional xunto á modernización do país.

A burguesía, os intelectuais, **os sectores claramente liberais**, tiñan outros obxectivos e distintas aspiracións. Vían na situación revolucionaria orixinada pola guerra a ocasión de influír, malia o seu escaso número, na **transformación da España do Antigo Réxime nun sistema liberal-parlamentario**. As súas arelas eran, xa que logo, a **soberanía nacional**, a **división de poderes**, a **promulgación dunha constitución** e a **abolición dos privilexios estamentais e gremiais** de tal xeito que permitisen o desenvolvemento do capitalismo.

Por último, unha **gran parte da poboación, á marxe de posicións ideolóxicas claras**, afrontou esta guerra como un **movemento de defensa contra un invasor estranxeiro**. A maioría expresou o seu **desexo de que volvесе o monarca Fernando VII e defendeu** sen concesións o **restablecemento das prerrogativas e do poder da Igrexa católica** [Doc. 7]. Convén sinalar que o pobo coa súa actitude de rebeldía contra a monarquía de Xosé Bonaparte, tomou actitudes claramente revolucionarias.

1.5. O curso da guerra

Para **Napoleón**, a invasión de Portugal ía intimamente vinculada ó **dominio completo da Península Ibérica**. Por isto, dispuxo as súas **tropas estratexicamente** situadas en **Barcelona, Vitoria e Madrid** para que, **no seu despregamento**, puidesen ocupar **toda a Península**. Napoleón **non agardaba encontrar grandes resistencias**. Os seus informes faláronlle dunhas institucións incapaces de se opoñeren á súa presenza despois de ser privadas dos monarcas, e agardaba conquistar o país sen graves problemas.

As **previsións de Napoleón** Bonaparte **desbaratáronse** ante a **resistencia popular**. As **cidades de Xirona e Zaragoza** resistiron durante **meses o ataque francés** e **coutaron o avance** das tropas **na zona de Levante**. Así mesmo, sorprendentemente, **o exército francés foi derrotado en Bailén (xullo de 1808)** polas tropas españolas, o que **impediu a toma de Andalucía** e obrigou ó **repregamento** de gran parte dos soldados napoleónicos **máis alá do Ebro** e ó **abandono da cidade de Madrid**.

Napoleón chegou a España en outono e coordinou as accións que conduciron á **toma de Madrid** e a un **teórico dominio do territorio español**. Cidades, vilas e camiños foron controlados polas tropas napoleónicas que, tras a derrota de Bailén, chegaron a **despregar 250.000 homes** na Península. **A partir dese momento, foi a guerrilla a única forza de resistencia** fronte ó invasor [Doc. 8] e [Doc. 9].

Desde mediados do ano 1812, o **curso da guerra** comezou a ser **desfavorable para os franceses**. A **campaña de Rusia** obrigara a Napoleón a desprazar alí gran parte do seu exército e, aproveitando esta circunstancia, as **forzas españolas**, apoiadas por un **exército británico** ó mando do xeneral Wellington, comezaron a aguilloar gravemente ós franceses. Véndose **incapaz de manter as dúas fronteas**, Napoleón **decidiu pactar a fin do conflito** cos españois e, contra finais do ano 1813, as súas tropas **comezaron a abandonar o territorio español**.

5

Estas casas só se poden tomar a costa de grandes sacrificios. Cómpre minas e facelas voar unha tras outra, botar abaixo os muros divisorios e avanzar entre os cascotes. Un día tómanse cinco ou seis casas, outro un convento e outro unha igrexa. Foi preciso formar rúas interiores no medio das ruínas para trasladar a artillería e as munições. Finalmente, colocáronse baterías nas rúas e sobre as ruínas dos edificios. Este é un novo xeito de tomar as cidades fortificadas. Os enxeñeiros víronse na obriga de inventar novos méto-

dos de ataque. Isto é moi perigoso e moitos zapadores e minadores pereceron nas galerías subterráneas. Os españois deféndense enerxicamente nas súas casas.

DAUDEVARD DE FÉRUSSAC: *Diario histórico do cerco de Zaragoza, 1808.*

- Describe o tipo de resistencia oposta polos habitantes de Zaragoza e explica os seus obxectivos.

6

Os diferentes feitos da revolución española tiveron lugar con sorprendente rapidez. As provincias máis afastadas da capital proclamaron a guerra contra os franceses, e chegou o momento no que había que tomar partido no enfrontamento inevitable (...). Eu estaba convencido de que, se o pobo puidese permanecer tranquilo baixo a forma de goberno á que estaba afeito, o país se libraría mentres tanto dunha dinastía da que non era posible agardar ningunha melloría, e a aldraxe política de recibir un novo rei de mans de Napoleón quedaría amplamente compensada cos futuros beneficios desta medida. En efecto, en poucos anos a nova familia real identificaríase co país. Moitos dos españois máis ilustres e honestos puxéranse do lado de Xosé Bonaparte. Tiñase preparado o marco dunha Constitución que, a pesar da forma arbitraria con que fora imposta, contiña a declaración explícita do dereito da nación a ser gobernada co seu propio consentimento e non pola vontade absoluta do rei. A Inquisición (...) ía ser abolida inmediatamente, e o mesmo sucedía coas ordes relixiosas (...).

Escritos de Xosé María Blanco White, 1808.

- Identifica a ideoloxía do autor do texto e expón as razóns dos afrancesados para lle daren o seu apoio a Xosé Bonaparte.

7

—Dime, fillo: ¿que es ti?
—Son español, pola graza de Deus. (...)
—¿Que obrigas ten un español?
—Tres: ser cristián, e defender a patria e o rei.
—¿Quen é o noso rei?
—Fernando VII. (...)
—¿Quen é o inimigo da nosa felicidade?
—O emperador dos franceses.
—¿Quen é ese home?
—Un malvado, un ambicioso, principio de todos os males, fin de todos os bens e resumo e depósito de todos os vicios. (...)
—¿É pecado asasinar un francés?
—Non, pai: é unha obra meritoria librar a patria deses violentos opresores. (...)

Catecismo español de 1808.


- Analiza a posición fronte á invasión que reflicte o texto.

ESPAÑA DURANTE A GUERRA DA INDEPENDENCIA (1808-1814)



Fonte: Elaborado a partir de UBIETO/REGLÁ/JOVER/SECO: *Introducción á Historia de España*, 1992.

- Identifica os lugares onde se deron as principais batallas, os cercos máis importantes e a traxectoria do exército napoleónico.



Goya na serie de gravados titulada *Os desastres da guerra* (1810), reflicte o horror dese período (Calcografía Nacional, Madrid).

2 As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812

2.1. O proceso de formación das Cortes

Desde o comezo da guerra, no verán do ano 1808, as Xuntas locais e provinciais que dirixían a resistencia enviaron representantes para formar unha **Xunta Central Suprema** que **coordinase as accións bélicas e dirixise o país** durante a guerra. A Xunta **reuniuse en Aranjuez** o 25 de setembro, aproveitando a retirada momentánea de Madrid dos franceses **tras a derrota de Bailén**. Floridablanca e Jovellanos eran os seus membros máis ilustres. A Xunta **recoñeceu a Fernando VII como o rei lexítimo** de España e **asumi**u, ata a súa volta, a **autoridade** deste. **Ante o avance francés**, a Xunta fuxiu a Sevilla e de alí, en 1810, a Cádiz, a **única cidade que, axudada polos ingleses, resistía o asedio francés**.

A **Xunta Central** amosouse incapaz de dirixir a guerra e **decidiu convocar unhas Cortes** nas que os representantes da nación decidisen sobre a súa organización e o seu destino. En **xaneiro de 1810 disolveuse, tras a convocatoria das Cortes, mantendo**, ó mesmo tempo que estas se reunían, **unha rexencia** formada por cinco membros.

O **proceso de elección de deputados a Cortes e a súa reunión en Cádiz** foron necesariamente **difíciles**. Nun país dominado polos franceses era imposible unha elección de representantes e **en moitos casos optouse por elixir substitutos ou deputados entre as persoas de cada unha das provincias que se atopaban en Cádiz**. O **ambiente liberal da cidade influíu** en que gran parte dos elixidos tivesen simpatías por estas ideas [Doc. 10].

MEMBROS DAS CORTES DE CÁDIZ

Eclesiásticos	90
Avogados	56
Funcionarios	49
Militares	30
Sen profesión determinada	20
Catedráticos de universidade	15
Nobres	14
Mariños	9
Comerciantes	8
Escritores	2
Arquitectos	1
Bachareis	1
Médicos	1

Fonte: TUÑÓN DE LARA, M.: *A España do século XIX*, 1973.

- Comenta os datos do gráfico e extrae conclusións sobre os estamentos representados nas Cortes de Cádiz.

As Cortes abríronse en setembro de 1810 e **o sector liberal conseguiu** o primeiro triunfo ó forzar **a formación dunha cámara única**, fronte á tradicional representación estamental. Así mesmo, **na súa primeira sesión aprobaron o principio de soberanía nacional**, isto é, o recoñecemento de que o poder reside no conxunto dos cidadáns e que se expresa a través das Cortes formadas por representantes da nación [Doc. 11].

2.2. A Constitución do ano 1812

A **Constitución promulgada o día 19 de marzo do ano 1812**, día de San Xosé, polo que é coñecida popularmente como "a Pepa", é o texto legal das Cortes que mellor **define o espírito liberal**. O texto constitucional **plasma** tamén **o compromiso** existente **entre os sectores da burguesía liberal e os absolutistas**, ó recoñecer totalmente os dereitos da **relixión católica**, cabalo de batalla do sector absolutista, especialmente do clero.

Desde un punto de vista formal, a Constitución contén unha **declaración de dereitos do cidadán**: a **liberdade de imprenta**, a **igualdade dos españois ante a lei**, o dereito de petición, a **liberdade civil**, o **dereito de propiedade** e o recoñecemento de todos os dereitos lexítimos dos individuos que compoñen a nación española. A **nación** defínese como o **conxunto de todos os cidadáns dos dous hemisferios**, isto é, colócanse en pé de igualdade os territorios peninsulares e as colonias americanas.



Xuramento dos primeiros Deputados a Cortes na igrexa de San Paulo en San Fernando, Cádiz. 1810, de José Casado del Alisal, 1863. (Congreso dos Deputados, Madrid).

- Describe o feito que se reflicte e enmárcao no seu momento histórico.

A estrutura do Estado correspóndese coa dunha monarquía limitada, baseada na **división de poderes**. O **poder lexislativo**, as **Cortes unicamerais**, representan a vontade nacional e posúen **ampos poderes: elaboración de leis, aprobación dos orzamentos e dos tratados internacionais**, mando sobre o exército, etc. O **mandato** dos **deputados** establece en **dous anos** e eran **inviolables** no exercicio das súas funcións. O sistema electoral quedou fixado na propia Constitución: o **sufraio** era **universal masculino e indirecto**.

O **monarca** é a cabeza do **poder executivo**, polo que posúe a dirección do goberno e intervé na elaboración das leis a través da **iniciativa e da sanción**, posuíndo **veto suspensivo** durante dous anos. O poder do rei está controlado polas Cortes, que poden intervir na sucesión ó trono, e a Constitución prescribe que todas **as súas decisións deben ser referendadas polos ministros**, que están sometidos a **responsabilidade** penal.

A administración de **xustiza** é competencia exclusiva dos **tribunais** e establécense os principios básicos dun **Estado de dereito**: **códigos únicos en materia civil, criminal e comercial**, **inmobiliade dos xuíces**, **garantías dos procesos**, etc.

Outros artigos da Constitución establecen a **reorganización da administración provincial e local**, a **reforma dos impostos e da Facenda Pública**, a **creación dun exército nacional** e a obrigatoriedade do **servizo militar**, e a implantación dunha **ensinanza primaria pública e obrigatoria**. Así mesmo, consagra a igualdade xurídica, a **inviolabilidade do domicilio** e a **liberdade de imprenta para libros non relixiosos**. En resumo, o texto establece os principios dunha sociedade moderna, con dereitos e garantías para os seus cidadáns [Doc. 12].

2.3. A obra de Cádiz. O primeiro liberalismo español

A **Constitución do ano 1812** constitúe un exemplo de **constitución liberal**, inspirada nos principios da **francesa de 1791**, pero **máis avanzada e progresista**. A Constitución non só pretendía regular o exercicio do poder, senón tamén conseguir unha reordenación da sociedade: aceptaba o principio do **sufraio universal** e establecía unha ampla **garantía dos dereitos**.

Foi **elaborada nun país en guerra**, ocupado polas tropas napoleónicas, e os **lexisladores** amosaron un **optimismo histórico encomiable**. Esperanzados no triunfo, **tentaron aproveitar a situación revolucionaria creada pola guerra**, para **elaboraren un marco lexislativo moito máis avanzado do que o conxunto da sociedade española chegaría a permitir nunha situación normal**. A Constitución de Cádiz foi, asemade, **exemplo para outras moitas constitucións europeas e americanas nos anos posteriores e inspirará no futuro o constitucionalismo español do século XIX**.

Ademais do texto constitucional, as Cortes de Cádiz aprobaron unha serie de **leis e decretos destinados a eliminar os atrancos do Antigo Réxime e a ordenar o Estado como un réxime liberal**. Así, decretouse a **suspensión dos señoría**, a **liberdade de traballo**, a **anulación dos gremios**, a **abolición da Inquisición** e o **inicio da desamortización e da reforma agraria**.

Malia a importancia da súa obra, as Cortes **non tiveron grande incidencia práctica na vida do país**. A **situación de guerra impediu a efectiva aplicación** do que se lexislara en Cádiz e, ó final da guerra, o **regreso Fernando VII frustrou a experiencia liberal** e conduciu á **volta do absolutismo**.

As Cortes xerais e extraordinarias da Nación española (...).

Art. 1. A Nación española é a reunión de todos os españois dos dous hemisferios.

Art. 2. A Nación española é libre e independente, e non é nin pode ser patrimonio de ningunha familia nin persoa.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na Nación, e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 4. A Nación está obrigada a conservar e protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen (...).

Art. 8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción ningunha, a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado (...).

Art. 12. A relixión da Nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira. A Nación protéxela por leis sabias e xustas, e prohibe o exercicio de calquera outra (...).

Art. 14. O Goberno da Nación española é unha Monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.



Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos tribunais establecidos pola lei (...).

Art. 34. Para a elección dos deputados de Cortes celebráranse xuntas electorais de parroquia, de partido e de provincia (...).

Art. 142. O Rei ten dereito de veto, por dúas veces consecutivas.

Art. 366. En todos os pobos da Monarquía estableceranse escolas de primeiras letras, nas que se lles ensinará ós nenos a ler, escribir e contar, e o catecismo da relixión católica, que comprenderá tamén unha breve exposición das obrigas civís (...).

Constitución de 1812, Cádiz.

- Identifica os dereitos que consagra a Constitución de 1812. ¿En quen reside a soberanía?
- Analiza a forma de goberno que se establece, como se trata a división de poderes e que sufraio se institúe.
- Valora o trato outorgado ó tema relixioso.

3 O reinado de Fernando VII (1814-1833)

A finais do ano 1813, Napoleón decidiu asinar un tratado de paz con España (*Tratado de Valençay*), recoñecer a Fernando VII como monarca lexítimo, permitir a súa volta ó país e retirar as súas tropas do territorio español.

3.1. A volta ó absolutismo (1814-1820)

O retorno de Fernando VII orixinou o problema de integrar o monarca no novo modelo político, definido polas Cortes de Cádiz na Constitución de 1812.

Fernando VII abandonara o país como un monarca absoluto e debía volver como un monarca constitucional. Os liberais tiñan as súas dúbidas respecto á boa vontade do rei de aceptar a situación e fixeron todo o posible para que a súa volta ó país se realizase directamente a Madrid, onde debía xurar a Constitución e comprometerse a respectar o novo marco político. Fernando VII, nun principio, temeu enfrontarse a aqueles que durante seis anos gobernaran o país e formaran resistencia contra o invasor e, daquela, amosou vontade de aceptar as súas condicións.

Fronte ós liberais, os absolutistas, a nobreza e o clero sabían que a volta de Fernando VII se presentaba como a súa mellor oportunidade para volver ó Antigo Réxime. Organizáronse decontado co obxectivo de lle amosar ó Rei o seu apoio incondicional para que se restaurase o absolutismo (*Manifiesto dos Persas*) e mobilizaron o pobo co fin de que lle amosase o seu apoio incondicional (chamábanlle "o Desexado"). Fernando VII, seguro xa da febleza do sector liberal, traizoou as promesas que fixera e, ó chegar a España, protagonizou un golpe de Estado, ó declarar mediante o Real Decreto do 4 de maio de 1814 "nulos e sen ningún valor nin efecto" a Constitución e os decretos de Cádiz, e anunciou a volta ó absolutismo. Decontado foron detidos ou asasinados os principais dirixentes liberais, mentres outros, temendo pola súa vida, fuxiron cara ó exilio [Doc. 13].

Nos meses seguintes produciuse a restauración de todas as antigas institucións, restableceuse o réxime señorial e restaurouse a Inquisición [Doc. 14]. Era unha volta en toda regra ó Antigo Réxime. A situación internacional era, ademais, favorable. Napoleón fora derrotado. As potencias absolutistas europeas vencedoras conseguiran no Congreso de Viena restaurar a vella orde en toda Europa e a Santa Alianza garantía a defensa do absolutismo e o dereito de intervención en calquera país coa fin de frear o avance do liberalismo.

O rei Fernando VII e o seu goberno tiveron que lle facer fronte, así e todo, a un obxectivo imposible: refacer un país esnaquizado pola guerra, coa agricultura desfeita, co comercio paralizado, coas finanzas en bancarrota e con todas as colonias en pé de guerra pola súa independencia, e todo isto cos vellos métodos do Antigo Réxime. Os seus gobernos fracasaron un detrás doutro.

A oposición á nova situación non tardou moito en se manifestar. A burguesía liberal e as clases medias urbanas reclamaban a volta ó réxime constitucional. Unha parte do campesiñado negábase a volver pagar rendas e impostos e opúñase á restauración do réxime señorial. Por último, no exército, a integración de parte dos xefes da guerrilla deu lugar á creación dun sector liberal, partidario de reformas.

O recurso á represión foi a única resposta do goberno. Pronunciamentos militares liberais (Mina, Porlier, Lacy, Vidal...), algaradas nas cidades e amotinamentos campesiños, aínda que fracasaron entre os anos 1814 e 1820, amosaron o descontentamento e a creba do modelo de monarquía absoluta [Doc. 15].

3.2. O Trienio liberal (1820-1823)

O 1 de xaneiro do ano 1820, o coronel Rafael de Riego, á fronte dunha compañía de soldados acantonados en Cabezas de San Xoán (Sevilla), á espera de marchar cara á guerra nas colonias americanas, sublevouse e percorreu Andalucía proclamando a Constitución de 1812. A pasividade do exército, a actuación da oposición liberal nas principais cidades e a neutralidade dos campesiños, obrigaron ó Rei, finalmente, a aceptar converterse en monarca constitucional. Fernando VII nomeou un novo goberno que proclamou unha amnistía e convocou eleccións. As Cortes formáronse cunha maioría de deputados liberais e iniciaron axiña unha importante obra lexislativa [Doc. 16].

Restauraron gran parte das reformas de Cádiz, como a liberdade de industria, a abolición dos gremios, a supresión dos señoríos xurisdiccionais e dos morgados, e elaboraron novas normas como a diminución do décimo, a venda de terras dos mosteiros, a reforma do sistema fiscal, do código penal e do funcionamento do exército. Coa súa acción pretendían liquidar o feudalismo no campo, convertendo a terra nunha mercadoría máis, susceptible de ser mercada e vendida, e introducir relacións de tipo capitalista entre propietarios da terra e campesiños arrendatarios.

Así mesmo, desexaban liberalizar a industria e o comercio, eliminar os atrancos á libre circulación de mercadorías e permitir o desenvolvemento da burguesía comercial e industrial. Por último, iniciaron a modernización política e administrativa do país, baixo os principios da racionalidade e da igualdade legal, e crearon a Milicia Nacional, un corpo armado de voluntarios, formado polas clases medias, esencialmente urbanas, coa fin de garantir a orde e de defender as reformas constitucionais [Doc. 17].

As reformas suscitaron decontado a oposición da monarquía. Fernando VII aceptara o novo réxime só forzado polas circunstancias. Desde o primeiro momento, non só paralizou todas as leis que puido, recorrendo ó dereito de

A nobreza sempre arela distincións; o pobo sempre intenta igualdades: este vive receoso de que aquela chegue a dominar; e a nobreza teme que aquel non a iguale: se, xa que logo, a discordia consome os gobernos, o que se funda en tan desunidos principios, sempre terá que estar ameazado pola súa fin (...).

A monarquía absoluta (...) é unha obra da razón e da intelixencia; está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado; foi establecida por dereito de conquista ou pola submisión voluntaria dos primeiros homes que elixiron os seus Reis. Así que o soberano absoluto non ten facultade de usar sen razón da súa autoridade (dereito que non quixo ter o mesmo Deus). Por iso foi necesario que o poder soberano fose absoluto para prescribirlles ós súbditos todo o que mira ó interese común e para obrigar á obediencia ós que se negan a ela.

O desexo medio que debemos pedir, trasladando ó papel os nosos votos, e os das nosas provincias é, de acordo coas leis, cos foros, cos usos e cos costumes de España (...). Que a esta fin se proceda a convocar Cortes coa solemnidade e na forma na que se convocaron as antigas (...) que se suspendan os efectos da Constitución e decretos ditados en Cádiz, e que as novas Cortes tomen en consideración a súa nulidade, a súa inxustiza (...).

Manifesto dos Persas. (12 de abril de 1814)

- Extrae as demandas e argumentos expostos polos privilegiados para solicitar a volta ó absolutismo, e explica cal foi o papel que desempeñou Fernando VII ó volver a España no ano 1814.



14

Francisco de Goya. Escena da Inquisición (1812-1814).

- Describe o gravado e relaciónao co restablecemento da Inquisición en 1814 e a volta ó absolutismo.

15

A voz patriótica que ó vil aterra soamente xa guerra debe clamar.
¿Seredes patriotas, mesmo calmados, se é que ós malvados vedes tramar?...)

Ámaa ou morre, vil servilón, xa non a arrincas da nación.

Discordia queren, por guerra claman, pérfidos traman a desunión.
Queren tiranos, queren ser servos, queren, protervos, vil opresión. (...)

Ámaa ou morre, vil servilón, xa non a arrincas da nación.

Guerra e máis guerra, guerra, patriotas, viles idiotas turban a unión.
Se aínda, insensatos, a paz non admiten, morran ou berren Constitución.

*Versos patrióticos contra os servís.
Anónimo, 1821.*

1 defensores do absolutismo


M&L

16

Mentres Eu meditaba de forma madura, coa solicitude propia do meu paternal corazón as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ó carácter nacional e ó estado presente das diversas porcións da Monarquía española, así como tamén máis análogas á organización dos pobos ilustrados, fixéstemme entender a vosa arela de que se restablecese aquela Constitución, que entre o estrondo das armas hostís, foi promulgada na cidade de Cádiz o ano 1812. (...). Xurei esta Constitución pola cal suspirabades e se-rei sempre o seu máis firme apoio (...). Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional.

*Manifesto Rexio de Fernando VII.
(10 de marzo de 1820)*

- Analiza o texto e tira conclusións sobre a actitude de Fernando VII e a súa posición o comezo do Trienio Liberal.



17

Gravado caricaturesco da época do Trienio cunha lenda que reza: "O enfermo de Constitución, non puido tragala, non queda remedio".

- Describe os personaxes e analiza o sentido da caricatura.

veto que lle outorgaba a Constitución, senón que **conspirou** dun xeito **secreto contra o goberno e buscou a alianza coas potencias europeas absolutistas para que** estas invadisén o país e **restaurasen o absolutismo**.

Máis grave para o novo réxime foi a **oposición** que lle amosou **unha parte dos campesiños**. As leis do Trienio non **recoñecían** ningunha das arelas campesiñas, como **a repartición da terra e a rebaixa dos impostos**. Pola contra, rematábase co réxime señorial, pero **os antigos señores eran agora os novos propietarios**, e **os campesiños convertíanse en arrendatarios que podían ser expulsados das terras se non pagaban**, co que **perdían os seus tradicionais dereitos sobre a terra**.

Ademais, **a monetarización das tradicionais rendas señoriais e décimos eclesiásticos**, antes pagos con produtos agrarios, **obrigáballes ós campesiños a conseguir diñeiro coa venda dos seus produtos**. Nunha economía aínda de autosuficiencia, con escasos mercados, os campesiños non daban conseguido que os seus produtos alcanzasen o valor abondo para reunir a cantidade de moeda requirida polos novos impostos. Os campesiños sentíronse **máis pobres e máis indefensos coa nova lexislación capitalista e alzáronse contra os liberais**.

A **nobreza tradicional** e sobre todo **a Igrexa**, prexudicada pola supresión do décimo e **pola venda de bens monacais, animaron a revolta** contra os gobernantes do Trienio. No ano **1822 alzáronse partidas absolutistas en Cataluña, Navarra, Galicia e no Maestrazgo**, que chegaron a dominar amplas zonas de territorio e **que estableceron unha rexencia absolutista na Seo de Urxel no ano 1823**.

As **dificultades** deron lugar a **enfrentamentos entre os propios liberais**. Un sector, **os moderados**, era partidario de realizar as **reformas con prudencia** e tentar non se faceren inimigos do rei nin da nobreza, por unha banda, e non asustar a burguesía propietaria, pola outra; os **exaltados** propuñan a necesidade de **acelerar as reformas e de se enfrontar co monarca**, confiando no apoio dos sectores liberais das cidades, de parte do exército e dos intelectuais, e da prensa.

3.3. A década ominosa (1823-1833)

Malia todos os obstáculos e as divisións internas, o réxime do Trienio acabou debido á **intervención** das potencias absolutistas europeas. A **Santa Alianza** respondeu ás peticións de Fernando VII e encargoulle a Francia intervir en España para restaurar o absolutismo. En abril de **1823**, uns **100.000 soldados (os Cen Mil Fillos de San Luís)** ó mando do **duque de Angulema**, axudados por realistas españois, irromperon en territorio español e **repuxeron a Fernando VII como monarca absoluto** [Doc. 18].

A **volta ó absolutismo** foi **seguida**, como ocorrera no ano 1814, **dunha feroz represión contra os liberais** e de novo moitos deles marcharon cara ó exilio. **Depurouse a Administración e o exército**, creáronse comisións de vixilancia e de control, e un verdadeiro **terror** estendeuse polo

país contra calquera posible partidario das ideas liberais [Doc. 19] e [Doc. 20].

A única preocupación do goberno de Fernando VII, á parte da represión, foi o **problema económico**. As **dificultades da Facenda, agravadas pola perda definitiva das colonias americanas**, forzaron a un estrito control do gasto público, dado que era imposible aumentar a recadación sen tocar os privilexios fiscais da nobreza [Doc. 21]. **A partir do ano 1825**, o rei **Fernando VII**, aguiñado polos problemas económicos, **adoptou posicións máis abertas á colaboración co sector moderado da burguesía financeira e industrial de Madrid e Barcelona**: concedeu un **arancel protexcionista para as manufacturas catalanas** e chamou a **López Ballesteros**, próximo ós intereses industriais, ó ministerio de Facenda.

A **actitude** do Rei foi **mal vista polo sector máis conservador e tradicionalista** da Corte, a nobreza e o clero, xa moi descontentos porque Fernando VII aínda non repuxera a Inquisición e non perseguira con carraxe abonda ós liberais. **En Cataluña, en 1827, levantáronse partidas realistas (Els Malcontents)** que reclamaban **maior poder para os ultracconservadores e defendían a volta ós costumes e foros tradicionais**. Na corte, o devandito **sector agrupouse ó redor de don Carlos María Isidro**, irmán do Rei e o seu previsible sucesor, dado que Fernando VII non tiña descendencia.

3.4. O conflito dinástico

En **1830**, o **nacemento dunha filla do Rei, Isabel**, deu lugar a un grave **conflito na sucesión ó trono**. A **Lei Sálica**, de orixe francesa e **implantada por Filipe V en España**, **impedíalles o acceso ó trono ás mulleres**, pero **Fernando VII**, influído pola súa muller María Cristina, **promulgou a Pragmática Sanción**, que **derrogaba a Lei Sálica** e que lle abría o camiño ó trono á súa filla e herdeira, Isabel II. Os **partidarios de Don Carlos (carlistas)** **negáronse a aceptar** a nova situación e influíron, no ano 1832, sobre o Monarca gravemente enfermo, para que fose reposta a **Lei Sálica** [Doc. 22].

Non era só unha liorta sobre se era lexítimo monarca o tío ou a sobriña, senón que se trataba da loita por impoñer un **modelo ou outro de sociedade**. Ó redor de don Carlos agrupábanse as **forzas máis partidarias do Antigo Réxime**, os defensores **da tradición**, os opostos a calquera forma de liberalismo. Pola contra, **María Cristina** comprendeu que, se quería salvar o trono para a súa filla, debía **buscar apoios nos sectores máis achegados ó liberalismo**. Nomeada **rexente** mentres durase a enfermidade do Rei, formou un novo **goberno** de carácter **reformista**, decretou unha **amnistía** que supuxo a volta de 10.000 exiliados liberais e preparouse para se enfrontar ós carlistas.

No ano **1833, Fernando VII morreu**, reafirmando no seu testamento á súa filla **Isabel**, de tres anos de idade, como **herdeira do trono**, e nomeando **rexente a María Cristina** ata a maioría de idade da súa filla. O mesmo día, **Don Carlos proclamouse rei e iniciouse un levantamento absolutista no norte de España**. Foi o **comezo da primeira guerra carlista**.



Gravado da época que representa a Fernando VII co duque de Angulema e os Cen Mil Fillos de San Luis e, sobre eles, a Santa Alianza.

- Describe o gravado, identifica os personaxes e relaciónao co contexto político europeo da época.

19

Ben públicos e notorios lles foron a todos os meus vasalos os escandalosos sucesos que precederon, acompañaron e seguiron o establecemento da democrática Constitución de Cádiz no mes de marzo de 1820; a máis criminal traizón, a máis vergoñenta covardía, o desacato máis horrendo á miña real Persoa, e a violencia máis inevitable, foron os elementos empregados para variar esencialmente o Goberno paternal dos meus reinos nun código democrático, orixe fecunda de desastres e desgrazas. (...)

Europa enteira, coñecendo fondamente o meu cativerio (...), determinou poñerlle remate a un estado de cousas, que era o escándalo universal, que camiñaba a trastornar todos os tronos e todas as institucións antigas, mudándoas cara á irrelixión e á inmoralidade. (...)

Vin decretar o seguinte: son nulos e de ningún valor todos os actos do Goberno chamado constitucional (...) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe, 1 de outubro de 1823.

Manifesto Rexio. (1 de outubro de 1823)

- Compara este texto co do ano 1820 [Doc. 16] e razoa por que os liberais acusaron ó rei de "malicioso e traidor".

20



O militar liberal Torrijos levou a cabo un pronunciamento liberal en 1831. Detido el e os seus compañeiros foron fusilados. O fusilamento de Torrijos e os seus compañeiros, de Antonio Gisbert (Museo de Arte Moderna, Madrid).

22

Dende tempo inmemorial en España é coñecida a xusta lei de partida, para precaver o mal; é o seu obxecto principal, na falta de Varón, entre a femia en posesión da vasta monarquía, lei tan sabia que no día volve abrazar a nación. Infinitas son as glorias que de tal emanaron, as guerras que se evitaron, sonlle ó mundo notorias; recordamos as historias que a súa sabia previsión, xuntou Castela e León, pola raíña Berenguela; e coa raíña Isabela a Coroa de Aragón. A unha lei tan cavilada, tantos séculos seguida, do vasalo apetece, dos reis respectada: a Nación afortunada debe a súa maior beleza, o seu respecto, a súa grandeza, o seu auxe, a súa ilustración, o seu grao de perfección, o seu valor e a súa riqueza.

Anónimo.


- Analiza que posición se defende sobre a sucesión ó trono. Relaciónaa coa situación política entre 1830 e 1833.

21

- Observa o gráfico e analiza a evolución da diferente composición dos ingresos.

- Razoa as consecuencias que se derivaron para a Facenda española e para a monarquía de Fernando VII.

INGRESOS TOTAIS DO ESTADO ESPAÑOL (en %)



Fonte: Reelaborado a partir de FONTANA, J.: A creba da monarquía absoluta, 1971.

4.1. A América española a finais do século XVIII

Ó longo do século XVIII, a decidida preocupación dos Borbón polos territorios de ultramar dera lugar a unha etapa de prosperidade que se baseaba na reactivación do comercio e na posta en marcha e na explotación de numerosas plantacións (café, azucre, tabaco, etc.), traballadas por man de obra escrava de orixe africana. O crecemento económico propiciou o desenvolvemento dun poderoso grupo burgués crioulo, de raza branca pero nado en América [Doc. 23].

Foi entre esta burguesía crioula, próspera e educada, coñecedora das ideas ilustradas, onde as ideas de emancipación da metrópole tomaron corpo e se forxaron os programas e os proxectos de independencia. Estas arelas estaban provocadas polo trato discriminatorio dado ós crioulos nos cargos coloniais, polo sometemento a fortes impostos e cargas e polo control que sobre a economía, e esencialmente o comercio, exercía España. O exemplo dos Estados Unidos foi ademais crucial para amosar que era posible enfrontarse á metrópole e conseguir a vitoria. Ademais, Gran Bretaña, desexosa de controlar o mercado americano, encargouse de encerrar e apoiar os movementos independentistas, convencida de que, despois de seren independentes, daría dominado doadamente o mercado das novas nacións.

4.2. O proceso de independencia

A partir do ano 1808, ó vir abaixo todo o aparato administrativo e ideolóxico da metrópole, España non daba resistido a escalada dos intereses secesionistas dos territorios de ultramar. Nun principio, os crioulos optaron por non someterse á autoridade de Xosé Bonaparte e crearon Xuntas que, a imitación das españolas, asumiron o poder nos seus territorios. Así e todo, aínda que teoricamente se mantiñan fieis a Fernando VII, negáronse a aceptar a autoridade da Xunta Suprema Central e, de feito, ó redor de 1810 moitas delas declaráronse autónomas respecto á metrópole. Os focos máis declaradamente secesionistas foron o vicerreinado da Prata, onde José de San Martín proclamou, en 1810, na cidade de Bos Aires a independencia da República Arxentina, o vicerreinado de Nova Granada e Venezuela, á fronte do cal se situará o outro gran líder da independencia americana, Simón Bolívar, e México, onde dirixiron o levantamento Hidalgo e Morelos [Doc. 24].

As Cortes de Cádiz, aínda que formalmente consideraron as colonias territorio español e tentaron, como mínimo, recoñecer os dereitos dos crioulos, eran incapaces de intervir fronte ó movemento independentista, dado que case non daban feito cumprir a súa lexislación no territorio hispano. No ano 1814, rematada a guerra hispanofrancesa, o goberno de Fernando VII, no canto de buscar o acordo cos americanos, respondeu co envío dun exército de 10.000 homes que deu pacificado Nova Granada e México, aínda que se

amosou impotente no vicerreinado do Río da Prata: Paraguai (1811) e Arxentina (1816) consolidáronse xa como nacións independentes.

Nos anos seguintes, a total intransixencia da monarquía respecto á autonomía das colonias, malia carecer de diñeiro e de tropas, axudou ó crecemento e ó espallamento do movemento libertador. San Martín atravesou os Andes, derrotou os españois en Chacabuco (1817) e propiciou a independencia de Chile (1818). Bolívar, desde o norte, derrotou ó exército español en Boiacá (1819) e Carabobo (1821) e puxo os alicerces para a formación da Gran Colombia, que deu orixe posteriormente ás repúblicas de Venezuela, Colombia, Ecuador e Panamá. En México, o movemento independentista liderado por Iturbide logrou atraer para si á Igrexa e ás clases poderosas e en 1822 independizouse da metrópole. Tras a derrota de Ayacucho (1824) e a independencia do Perú e Bolivia (en honor a Simón Bolívar), [Doc. 25] remata a presenza española na América continental. Só as Antillas (Cuba e Porto Rico), e as Filipinas, permaneceron en posesión da Coroa [Doc. 26].

4.3. Os problemas das novas nacións americanas

A emancipación das colonias e a creación de repúblicas independentes non solucionaron todos os problemas existentes na sociedade da América hispana. En primeiro lugar, o soño dos libertadores, especialmente de Bolívar, de conseguir unha América unida, poderosa e solidaria, amosouse imposible. Os intereses dos caudillos locais, das burguesías comerciais e dos grandes terratenentes, que querían dominar e explotar cada un dos seus territorios, conduciron a innumerables guerras e ó fraccionamento en múltiples repúblicas. Nese contexto, o poder dos caudillos militares, o peso do exército na vida política e o constante recurso ás armas, encistáronse na sociedade hispanoamericana.

En segundo lugar, os crioulos que dirixiran o movemento de independencia esqueceron os desexos e os intereses da gran maioría da poboación india, negra ou pobre, o que daría lugar a profundas convulsións sociais nos anos vindeiros. Por último, a independencia política non supuxo a independencia económica para o subcontinente. O dominio español foi substituído polo de Gran Bretaña e Estados Unidos, que foron os primeiros en recoñecer as novas nacións. Os británicos conquistaron e controlaron o comercio sudamericano convertendo os novos países nun amplo mercado para os seus produtos e influíndo nas súas leis e nos seus gobernos. Estados Unidos formulou en 1823 a chamada doutrina Monroe: "América para os americanos", isto é, que os europeos debían ir abandonando os seus intereses no continente, que se convertía en "territorio preferente" dos Estados Unidos.

Un continente afastado de España por mares inmensos, máis poboado e rico ca ela e reducido durante tres séculos a unha dependencia degradante, tiránica, é sabedor no ano 1810 da disolución do goberno de España despois de ser ocupado o seu territorio polos exércitos franceses. Ponse en garda para evitar esa mesma sorte e fuxir da anarquía e da desorde que a ameazan. (...)

En circunstancias menos críticas, provincias de España xa instituíran xuntas gobernamentais co obxecto de fuxir da desorde e dos disturbios (...). Persuadida de que España fora completamente asoballada, como se cría daquela en toda a América, Venezuela tomou esta iniciativa, que puidera ter adoptada moito antes seguindo o exemplo autorizado das provincias españolas, ás que se declarou igual en dereitos e en representación política (...).

BOLÍVAR, S.: *Páxinas escollidas*.



O lazo que a unía a España (a América) está cortado (...). Meirande é o odio que nos inspira a Península có mar que nos afasta dela (...). O hábito da obediencia, un comercio de intereses, de luces, de relixión; unha tenra solicitude polo berce e pola gloria dos nosos pais; en fin, todo o que formaba a nosa esperanza viñanos de España. (...) Actualmente sucede todo o contraio. Todo o sufrimos desa desnaturalizada madrastra. (...)


Somos un pequeno xénero humano; posuímos un mundo á parte, cercado por dilatados mares, novo en case todas as artes e ciencias, aínda que, en certo modo, vello nos usos da sociedade civil. (...) non somos indios nin europeos, senón unha especie media entre os lexítimos propietarios do país e os usurpadores españois; en suma, sendo nós americanos por nacemento e os nosos dereitos os de Europa, temos que lles disputar estes ós do país e mantermos nel contra a invasión dos invasores.

BOLÍVAR, S.: *Carta de Xamaica*, 1815.

● Analiza como amosan os dous textos a orixe crioula de Bolívar.

● Comenta os argumentos expostos para xustificar a independencia.

COMPOSICIÓN ÉTNICA DA SOCIEDADE HISPANOAMERICANA (finais s. XVIII)



Fonte: VICENS VIVES, J.: *Historia de España e América*, 1988.

● Analiza se o peso demográfico de cada grupo está en relación co seu papel político e económico.

A Representación Soberana da Provincia do Alto Perú, fondamente consciente da grandeza e do inmenso peso da súa responsabilidade (...) declara solemnemente en nome e con absoluto poder dos seus dignos representantes: que chegou o fausto día no que os desexos inalterables e ardentes do Alto Perú, de se emancipar do poder inxusto, asoballante e miserento do rei Fernando VII, desexo mil veces corroborado co sangue dos seus fillos (...) que se erixe en Estado soberano e independente de calquera outra nación, tanto do vello como do novo mundo (...) e afirmamos que a nosa vontade irrevogable é gobernarnos a nós mesmos, ser rexidos por unha Constitución (...) contando co sostén inalterable da santa relixión Católica e dos sacrosantos dereitos do honor, da liberdade, da vida, da igualdade, da propiedade e da seguridade. (...)

Declaración de Independencia de Bolivia. (1825)

● Explica os principios da independencia e os obxectivos da nova república.


INDEPENDENCIA DA AMÉRICA HISPANA



Fonte: Elaborado a partir do *Atlas histórico*, 1995.

● Cita os novos países xurdidos co proceso de independencia.
● Explica os problemas cos que se deberon enfrontar os novos Estados.

1 Sitúa no tempo



a) Elabora un eixe seguindo a estrutura que che propoñemos. Pon no lugar que corresponda os acontecementos seguintes:

España	América
• Inicio Guerra da Independencia • Convocatoria Cortes de Cádiz • Constitución de Cádiz • Tratado de Valençay • Manifiesto dos Persas • Golpe de Riego • Entrada Cen Mil Fillos de San Luís • Nacemento Isabel II • Morte Fernando VII	• Independencia da Arxentina • Independencia de Paraguai • Independencia de Chile • Independencia de Bolivia • Independencia de Colombia • Independencia de Venezuela • Independencia do Ecuador • Independencia do Perú • Independencia de México

b) Sitúa no eixe os catro períodos principais da crise do Antigo Réxime.

2 Define e explica

Acontecementos	Personaxes
• Motín de Aranzuez • Estatuto de Baiona • Xuntas de Armamento e Defensa • Cercos • Guerrilla	• Constitución de 1812 • Congreso de Viena • Santa Alianza • Pronunciamento liberal • Partidas realistas
	• Carlos IV • Godoy • Napoleón • Xosé Bonaparte • Fernando VII • Riego • San Martín • Hidalgo • Jovellanos • Simón Bolívar

3 Establece as diferenzas

- Afrancesado/Patriota
- Exaltado/Moderado
- Absolutista/Liberal
- Soldado/Guerrilleiro

4 Completa o cadro

a) A partir dos artigos da Constitución de Cádiz do ano 1812 completa o seguinte cadro:

CONSTITUCIÓN DE 1812						
Suxeito da soberanía	Carácter ideolóxico	Relación entre poderes	Elaborada por	Tipo de sufraxio	Declaración de dereitos	Relación Igrexa-Estado
A nación					Existe. É ampla	